
CAROL

Texto de **PATRICIA HIGHSMITH**

Tradución de **MARÍA ALONSO SEISDEDOS**


Ilustración de portada de **SONIA PULIDO**

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 384 páx. 18 €
ISBN 978-84-19213-15-0. Narrativa K. Faktoría K de Libros.

Trataba de imaxinar o que sería levar quince anos en Frankenberg e concluíu que se vía incapaz. Segundo o folleto, os traballadores cunha antigüidade de vinte e cinco anos na empresa podían gozar de catro semanas de vacacións. Frankenberg tamén dispuña dun campamento de vacacións de verán e inverno. Deberían ter tamén unha igrexa, pensou ela, e unha maternidade. Aquel centro comercial organizábase máis ou menos coma un cárcere e, de cando en cando, Therese asustábase ao comprender que formaba parte del....

Therese traballa como dependenta nuns grandes almacéns de Nova York. Un día de inverno achégase ao seu mostrador Carol, unha fermosa muller duns trinta anos. Cando as súas miradas se encontran, senten unha enorme atracción que irá a máis. As dúas mulleres abandonan as súas triviais rutinas na procura de espazo onde o seu amor pode florecer. Pero Therese tamén é consciente dos enormes obstáculos cos que se deberán enfrontar.

Publicada por primeira vez en 1952, Carol é unha das novelas máis importantes, aínda que pouco recoñecidas, do século XX. Baixo o pseudónimo de Claire Morgan, Patricia Highsmith creou unha historia plena de erotismo e suspense coa que desafiou os estereotipos sobre a homosexualidade lésbica. Unha obra pioneira e primordial.



-
- **Temática:** a vida, a natureza, o pasado.
 - **Destinatarios:** lectores adultos.
 - **Aspectos destacables:** Premio Llibres Anagrama de Novela 2019 e Premio de Literatura da Unión Europea 2020, entre outros; ambientada na alta montaña pirenaica; tradición, mitoloxía popular; Guerra Civil, exilio.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/carol-g>
-

Patricia Highsmith

(Fort Worth, Texas, 1921 - Locarno, Suíza, 1995)

Escritora estadounidense, coñecida sobre todo polas súas novelas de suspense psicolóxico nas que profundaba na natureza da culpa, na inocencia, no ben e no mal. Formouse na Julia Richman High School de Manhattan e logo na Universidade de Columbia, onde se licenciou en 1942. A súa primeira novela, «Strangers on a Train» (1950), foi adaptada para o cine por Alfred Hitchcock. As súas seguintes novelas, en especial as cinco protagonizadas polo elegante Tom Ripley, foron moi populares e recoñecidas pola crítica. En 1957 Highsmith gañou o cobizado Grand Prix de Littérature Policière francés e en 1964 recibiu o Silver Dagger da Asociación Británica de Escritores Policiacos. Unha vez retirada, Highsmith viviu soa gran parte da súa vida. Trasládouse definitivamente a Europa en 1963 e pasou os seus últimos anos nunha casa illada preto de Locarno, na fronteira entre Suíza e Italia.